



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ÁREA DE FORMACIÓN, ENSINO E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

Anuncio

CONVOCATORIA CURSO DO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O ANO 2022

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP), mediante Resolución do 20 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2022, no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas (código de procedemento PR780A), publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 107, do 6 de xuño de 2022.

Aprobadas as accións formativas de Formación Continua da Deputación Provincial de Lugo para o 2022 na Mesa Provincial de Formación, en reunión mantida o 20-06-2022, e mediante Resolución da Presidencia de 13-07-2022 a Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento propón a publicación da súa convocatoria, bases e anexos no BOP da seguinte acción formativa:

- 01.20.01.22 CURSO PRÁCTICO DE URBANISMO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. MODALIDADE EN LIÑA / VIDEOCONFERENCIA

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

PRIMEIRA.- SOLICITUDES

1. O persoal que desexe participar nestes cursos presentará cuberta, en todos os epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP. Todos os campos deben ser cumprimentados. No caso dos cursos que se imparten dentro do horario laboral é obrigatoria a sinatura do superior/a xerárquico/a, alcalde/sa ou presidente/a así como o selo da entidade.

2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos/as aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

3. O prazo de presentación das solicitudes finalizará o **31 DE AGOSTO DE 2022 ÁS 12:00 H.** Todas aquelas instancias presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquela accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se cubran as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.

4. A documentación dirixirase ao Sr. Presidente da Deputación de Lugo, Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento por:

- **Presentación directa:** No Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.
- **Correo electrónico:** formacion@deputacionlugo.org
- **E demais lugares** de conformidade co artigo. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDA.- ACCESO E PARTICIPACIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS

1.- Poderá participa-lo persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.

2.- En aplicación do Real Decreto 2771/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as persoas con discapacidade que soliciten participar nunha actividade formativa poderán facer constar tal circunstancia na solicitude de inscrición, e poderán indicar, as adaptacións necesarias para poder realizala no caso de que fosen seleccionadas.

Incorpórase como criterio de valoración na participación nos cursos de formación de empregados/as públicos/as o estar afectado por una discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

3.- Dacordo co disposto no art. 60.1 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, outorgarase preferencia na selección a quen se incorporaran no prazo dun ano ao servizo activo, procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, co obxecto de actualizar os coñecementos dos empregados/as públicos/as. Dita circunstancia deberá acreditarse no momento de formalizarse a solicitude de inscrición.

4.- Poderase participar en actividades de formación durante o permisos por parto, adopción ou acollemento, así como durante a situación de excedencia por coidado de familiares, segundo o disposto nos artigos 49 e 89.4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro. Dita circunstancia deberá acreditarse no momento de formalizarse a solicitude de inscrición.

5.- As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade "en liña" e/ou "telepresenza" deberán dispoñer dunha conta de correo electrónico cuxa dirección terán que indicar na solicitude e dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos: un ordenador con conexión a internet e un navegador web actualizado.

6.- A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento poñerase en contacto cos/cas peticionarios/as, a súa de poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ó teléfono 982 260 065 ou 982 260 036.

7.- A non comparecencia ou abandono dun/dunha participante admitido/a a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido/a ás distintas accións formativas convocadas pola Deputación Provincial de Lugo.

TERCEIRA.- CERTIFICACIÓNS

Expedirase certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós/ás alumnos/as que asistan ó curso. É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ao 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos cursos en "MODALIDADE EN LIÑA", é obrigatoria a asistencia á sesión presencial, naqueles que así o requiran. Se o/a alumno/a non se presentase á sesión presencial, será excluído/a deste.

a) **Certificación de asistencia, ou**

b) **Certificación de asistencia con aproveitamento:** trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario ou visto o informe de avaliación emitido polo/a formador/a.

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

CUARTA.- MODIFICACIÓNS

A Deputación de Lugo, poderá modificar o desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

Lugo, 26 de xullo de 2022.- O Presidente: José Tomé Roca. O Secretario Xeral: José Antonio Mourelle Cillero

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS

Código A. F.: 01.20.01.22

Denominación: CURSO PRÁCTICO DE URBANISMO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. MODALIDADE EN LIÑA / VIDEOCONFERENCIA

Destinatarios: Secretarios, secretarios-interventores e técnicos de urbanismo da administración local da provincia de Lugo

Participantes: 30

Horas: 50

Datas realización: 6, 10, 11, 13, 14, 18, 20, 24, 25 e 27 de outubro de 2022

OBXECTIVOS:

- Proporcionar unha visión ampla do urbanismo para a Oficina Municipal. A súa estruturación e funcionamento
- Expoñer as bases da regulación urbanística e as ferramentas da mesma. Con atención especial á complexa casuística que afronta a Oficina Municipal: planeamentos non adaptados, variedade de situacións de axuste á legalidade, ou formación de criterio ante circunstancias insuficientemente reguladas

- Expoñer as ferramentas de xestión e intervención que o Urbanismo pon a disposición dos Concellos: na execución do planeamento, no goberno dos actos de construción e uso do solo, na conservación do parque de edificios.

PROGRAMA:

CONTROL DOS ACTOS DE USO DO SOLO. LICENZAS, COMUNICACIÓNS PREVIAS

- Exigibilidade de proxecto. Casuística
- Disposicións sobre os documentos propios da execución de obras e implantación de usos do solo [proxectos e memorias; oficios, informes e certificados da Dirección de Obra]

CLASES DE SOLO

- Razón e ser das clases de solo, e criterios básicos para a súa identificación. Situacións en fronteira. Réxime das distintas clases do solo

SOLO RÚSTICO

- Regulación, mesmo en ausencia de plan adaptado a Lei 2/2016, do Solo de Galicia. Usos admisibles en solo rústico, e vías establecidas en lei para iso: o artigo 35, o artigo 40 e as Disposicións Transitorias 3ª e 4ª de lei 2/2016, do Solo de Galicia.
- Casos particulares ousuxeitos a discusión na regulación de usos/intervencións. Os talleres. Os movementos de terra. Os cerramentos de leiras. Os establecementos de turismo.
- Plans Especiais para implantación de usos en solo rústico
- Apertura de camiños. Réxime de Segregación e Agregación de parcelas
- Disposicións relativas á armonización tipolóxica e de materiais, e á integración no ambiente. Esixencia de aplicación, e casuística

SOLO DE NÚCLEO RURAL

- Concepto e requisitos para a súa clasificación. O requisito da consolidación pola edificación.
- Regulación, mesmo en ausencia de plan adaptado a lei 2/2016, do Solo de Galicia. Usos admisibles en solo de Núcleo Rural, e vías establecidas en lei para iso: a vía ordinaria, e o artigo 40 de lei 2/2016, do Chan de Galicia
- Intervencións integrais. A figura da Declaración de Núcleo Rural en estado de abandono.
- Apertura de camiños e nuevo vías
- Edificación en núcleos rurais. O requisito de contar con acceso rodado por vía pública.
- Disposicións relativas á armonización tipolóxica e de materiais, e á integración no ambiente. Esixencia de aplicación, e casuística

SOLO URBANIZABLE E SOLO URBANO

- Regulación, mesmo en ausencia de plan adaptado á lei 2/2016, do Solo de Galicia
- Obras e intervencións admisibles en Solo Urbanizable
- Tratamento das deficiencias locais en servizos urbanos ou en rede viaria, en Solo Urbano. As actuacións illadas ou asistemáticas
- Solo urbano non consolidado en plans anteriores á lei 9/2002. Identificación e tratamento.

EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO

- Sistemas de actuación. A execución do plan a iniciativa da Administración. A entrega, por propietarios de solo de terreos edificables como pago de cargas de urbanización.
- Ámbitos para a execución do plan. Os polígonos. A execución da urbanización por fases
- Obtención do solo con cualificación de equipamento / espazo libre. A permuta forzosa. A ocupación directa

INTERVENCIÓNS NA PROPIEDAD PRIVADA

- O deber de conservación dos edificios. A declaración de ruína. Ordes de execución, e execución subsidiaria. Intervención municipal ante situacións de risco.
- A declaración do inmovible en estado de abandono

SITUACIÓNS DE AXUSTE Á LEGALIDADE

- Tratamento de edificacións non axustadas á legalidade, incluso en ausencia de regulación vía planeamento. Criterios para valorar a admisibilidade dunha intervención

-
- Tratamento das instalacións de uso industrial existentes en solo rústico. A disposición transitoria 7ª de lei 2/2016, do Solo de Galicia



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SECCIÓN DE FORMACIÓN

ANEXO II
SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN

1. Título acción formativa						Código A. F.		
2. Datos pessoais								
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	N.I.F.					
3. Datos profesionais								
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1	A2	B	C1	C2	AP	Entidade onde traballa
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Dependencia	Enderezo do posto de traballo			Localidade		Provincia		
Minusvalía física	Si	Non	Teléf. Traballo	Fax traballo	Correo electrónico		Teléf. móbil / particular	
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>						
Clase de persoal	Funcionario	Funcionario Interino	Persoal Eventual	Laboral Fixo	Laboral Temporal			
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
Funcións que desempeña:								
4. A ter en conta.								
Segundo recollen as bases de convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes finalizará na data e hora que aparecen nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude. Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obrigatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.								
5. Declaración								
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que apporto á solicitude que abaixo asino.								
6. Informe Entidade Local								
Se o curso ten lugar en horario laboral do solicitante é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente e o selo da Entidade								
<input type="checkbox"/> Favorable		<input type="checkbox"/> Desfavorable		Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)				

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

_____ a _____ de _____ de _____
Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Sección de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais; informámoste que os seus datos se incorporan nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da DEPUTACIÓN, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con vostede. Así mesmo informámoste que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento mediante correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org sede electrónica ou escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, á Rúa San Marcos, 8 27001 - Lugo. Temos o seu consentimento para utilizar os seus datos persoais para desenvolver as actividades formativas nas que se inscriba, así mesmo queda constancia da aceptación de todo o exposto anteriormente neste documento e que vostede coñece os seus dereitos e obrigas segundo a normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Lugo, 26 de xullo de 2022.- O Presidente: José Tomé Roca. O Secretario Xeral: José Antonio Mourelle Cillero

R. 2140

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS-SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29.07.2022 POLO QUE SE RESOLVE O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA PROVER UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN DE LUGO, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de xullo de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Técnico/a Superior Forestal, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical, grupo A - subgrupo A1, correspondentes á Oferta de Emprego para o ano 2018, cuxas bases xerais fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 089 e 112, de 20 de abril e 18 de maio de 2020, e cuxa convocatoria e bases específicas foron publicadas no BOP núm. 193 e 011, de 23 de agosto de 2021 e 15 de xaneiro de 2022; vista a proposta do Tribunal Cualificador, visto que o aspirante seleccionado acreditou dentro de prazo, a documentación a que se refire a base xeral 4 e a base específica 4 que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto o establecido no artigo 56 da Lei 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); esta presidencia, en representación do Tribunal Cualificador e de acordo coa base xeral 11, propón á Xunta de Goberno resolver definitivamente o procedemento selectivo nomeando a:

Don Luís Jesús Fernández Reija, para ocupar a praza de Técnico Superior Forestal, número 906, escala administración especial, subescala técnica, técnicos superior, grupo A - subgrupo A1 (artigo 76 da Lei 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á OEP para o ano 2018, reservada a promoción interna vertical.

O aspirante continuará no mesmo posto que obtivo por concurso con carácter definitivo denominado Xefe de Sección I Medio Ambiente (Acordo Xunta de Goberno de data 3.05.2019), por seguir cumprindo os requisitos e condicións para o seu desempeño.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Para cumprimento da base xeral 12, dáse publicidade ao acordo, coa indicación de que pon fin á vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación do presente acordo ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, a 1 de agosto de 2022.- O SECRETARIO P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 2177

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número 7369/2022 do día 14 de xullo aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondientes ao segundo trimestre de 2022, que se exponen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo

63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interponer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 16 de agosto ata o día 16 de setembro de 2022 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 27 de xullo de 2022.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores. Olga López Racamonde.

R. 2141

Anuncio

Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número 7075/2022 do 7 de xuño, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de XUÑO de 2022, que se exponen ao público no Servizo de Servizo Sociais, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interponer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 18 de xullo ata o día 18 de agosto de 2022 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 8 de xullo de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa da Área de Cohesión e Dinamización Social, Ana González Abelleira.

R. 2142

Anuncio

Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número 7076/2022 de 7 de xullo, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondente ao segundo trimestre de 2022, que se expoñenao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interponer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 18 de xullo ata o 18 de agosto de 2022 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 7 de xullo de 2022.- A Tenenta de Alcaldesa da Área de Cohesión e Dinamización Social, Ana González Abelleira.

R. 2143

MONDOÑEDO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de xuño do 2022, a modificación de créditos 18/2022, de suplemento de crédito nº 2022/02, financiado con remanente de tesouraría por importe de 68.950,92 euros e transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentase reclamacións, considerase elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177 e 169.3 do TRLRFL, facéndose público o resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos do referenziado orzamento, que queda como sigue:

CAPITULOS	GASTOS	INGRESOS
1.Gastos de personal	2.547.584,83	1.565.250,00
2.Gastos corrientes en Bienes y servicios.	2.022.421,52	30.000,00
3.Gastos financieros	6000,46	532.477,50
4.Transferencias correntes	87.278,80	2.363.589,58
5.Ingresos Patrimoniales	0,0	23.759,40
6.Inversións reais.	1.963.783,80	0.0
7.Transferencias capital	0,0	1.143.092,28
8. Activos financieros	0.0	968900,65
9. Pasivos financieros.	0.0	0.0
TOTAL	6.627.069,41	6.627.069,41

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos,

Mondoñedo, 28 de xullo de 2022.- O alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R.2152

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS 30/2022

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 151 do día 4 de xullo de 2022 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 30/2022 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con baixas por anulación de crédito doutras partidas por importe de 420.000,00 €, aprobado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2022. Transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interporse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

BAIXA CAPÍTULO	Importe	SUPLEMENTO CAPÍTULO	Importe
VI	420.000,00	II	420.000,00
	420.000,00		420.000,00

Monforte de Lemos, 27 de xullo de 2022.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA, P.D. Decreto 2022 / 000127 de data 24.01.2022A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, GLORIA PRADA RODRÍGUEZ.

R. 2144

MONTERROSO

Anuncio

Na Xunta de Goberno de 27/06/2022, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de xullo e o 24 de agosto de 2022.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva aoabeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 27 de xullo de 2022.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2145

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

ORDENANZA T7 TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 31/05/2022 de modificación da ORDENANZA T7 TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

“ORDENANZA T7 TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS A INSTANCIA DE PARTE

- No artigo 2 “feito imponible” apartado 1 “*Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais, incluída a actividade técnica e administrativa conducente á selección do persoal funcionario e laboral entre quen solicite participar nas correspondentes probas de acceso ou de promoción convocadas por este Concello*”.
- No artigo 5 “Cota tributaria” apartado 2:

Epígrafe oitavo: Dereitos de exame

Para participar en probas de acceso ou de promoción convocadas por este Concello conducentes á selección de persoal:

prazas do grupo A1 ou análogo en persoal laboral	25,00 €
prazas dos grupos A2, B e C1 ou análogo en persoal laboral	20,00 €
prazas dos grupos C2 e agrupación profesional E ou análogo en persoal laboral	15,00 €

A presente modificación desta Ordenanza reguladora, conforme ao disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo de quince días a que fai referencia o artigo 65. 2 da mesma Lei.

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra este, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente

Ribadeo, 21 de xullo de 2022.- O ALCALDE,FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 2146

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA

Anuncio

APROBACIÓN CONTA XERAL 2021

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas extraordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2022, exponse ao público a conta xeral correspondente ao exercicio 2021, por un prazo de quince días, durante os que e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Barreiros, 26 de xullo de 2022.- O presidente, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2147